

CONTRATACIÓN

7

Demetrio Fernández López

Director Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade
Social en Galicia

Índice capítulo 7

CONTRATACIÓN	3
7.1. Introducción.....	3
7.2. Modalidades contractuais	8
7.2.1. Contrato eventual por circunstancias da produción.....	8
7.2.2. Contrato de obra ou servizo.....	11
7.2.3 Contrato de interinidade	13
7.2.4. Contrato para a formación e a aprendizaxe	15
7.2.5. Contrato en prácticas.....	17
7.2.6. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación	18
7.2.7. Contrato de relevo e xubilación parcial.....	19
7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente.....	21
7.2.9. Contratos indefinidos ordinarios (bonificados e non bonificados).....	24
7.2.10. Contratos indefinidos bonificados.....	25
7.2.11. Contratos convertidos en indefinidos	27
7.2.12. Contratos indefinidos para persoas con discapacidade	29
7.2.13. Contratacións a colectivos especiais	30
7.2.14. Adscricións en colaboración social	32
7.2.15. Prórrogas.....	33
7.3. Contratación a persoas traballadoras estranxeiras	34
Conclusións da contratación	35
7.4. Empresas de traballo temporal.....	37

Capítulo 7. CONTRATACIÓN

7.1. Introducción

O **contrato de traballo** constitúe o núcleo esencial da relación laboral. Asinado entre a empresa e a persoa traballadora, en virtude del, a persoa traballadora comprométese a prestar uns servizos, por conta da empresa, baixo a súa dirección, percibindo a cambio unha retribución.

Dentro da regulación da contratación, o Estatuto dos traballadores (ET) establece no seu artigo 16 que as empresas están **obligadas** a comunicar á Oficina de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentárase copia do contrato para o seu rexistro e, se non existe a devandita obriga, presentárase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de Emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un número de rexistro non implica que reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **contratos iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, **conversión en indefinidos** doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en prorrogas de contratos que finalizaron a duración inicial.

Contratos iniciais:

1-Indefinido (bonificado/non bonificado): é o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo (Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real decreto-lei 10/2011, Real decreto-lei 1/2011, Real decreto legislativo 2/2015).

2-Indefinido para persoas con discapacidade: contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (RD 1451/1983, modificado por RD 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa

duración é temporal (art. 15 do ET, RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

4-Eventual por circunstancias da produción: contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado (art. 15 do ET, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

5-Interinidade: contrato de duración temporal para substituír unha persoa con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial (art. 15 do ET, Real decreto-lei 11/1998, RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

6-Temporal para persoas con discapacidade: contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade (RD 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación da persoa traballadora á que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevo, que se asina con quen se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: para persoas traballadoras desempregadas que substitúan outras que anticipan a idade de xubilación nun ano (RD 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato en prácticas: destinados a completar a formación de persoas traballadoras con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente (art. 11 do ET, R.D. 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

11-Contrato para a formación e a aprendizaxe (formación): destinado a mozas e mozos de 16 a 24, para a adquisición da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto (art. 11 do ET, Lei 3/2012, RD 1529/2012).

12-Outros contratos: son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís etc... Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, teñen algún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade fosen emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que, ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden xa que nese caso se produciría unha duplicidade, porque o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prorrogas

Alguns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa tipoloxía. Son as seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial

No cadro 7.1, que recolle os contratos de traballo e os contratos convertidos en indefinidos Galicia/España 2019-2018, pódese observar que medra o número total de contratos en 2019 respecto do ano anterior en 218.031 contratos no conxunto do

Capítulo 7. Contratación

Estado e en 3.997 contratos máis en Galicia. Este incremento obsérvase exclusivamente nos contratos eventuais.

Cadro 7.1

Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións colaboración social. Galicia/España. 2019-2018

	Total España 2019	%	Total Galicia 2019	%	Total España 2018	%	Total Galicia 2018	%
Indefinido ordinario (bonif./ non bonif.)	1.312.831	6,06	46.644	4,47	1.435.317	6,69	54.757	5,27
Indef. fomento da contratación indefinida								
Persoas con discapacidade	11.082	0,01	625	0,06	11.619	0,05	739	0,07
Obra ou servizo	8.193.202	37,80	334.995	32,12	8.274.521	38,57	342.322	32,95
Eventual	10.341.952	47,72	549.978	52,73	9.830.653	45,82	525.538	50,58
Interinidade	1.555.355	7,18	92.944	8,91	1.569.956	7,32	92.578	8,91
Temporal persoas con discapacidade	25.893	0,12	1.723	0,17	25.309	0,12	1.632	0,15
Relevo	8.063	0,04	326	0,03	19.246	0,09	1.046	0,10
Xubilación parcial	16.678	0,08	742	0,07	38.707	0,18	2.251	0,22
Substitución xubilación 64 anos	708	0,01	31	0,00	618	0,00	19	0,00
Prácticas	82.476	0,38	5.056	0,48	107.312	0,50	6.281	0,60
Formación	39.435	0,18	2.474	0,24	52.803	0,25	3.610	0,35
Outros	86.410	0,40	7.397	0,71	87.362	0,41	8.252	0,79
Total contratos iniciais	21.674.085	100,0	1.042.935	100,0	21.453.423	100,0	1.039.025	100,0
Convertidos en indefinidos	835.521		43.186		837.988		43.101	
Adscricións en colaboración social	2.359		2		2.523		0	
Total contratos e adscricións	22.511.965		1.086.123		22.293.934		1.082.126	

Fuente: SEPE, Estadística de contratos registrados. Diciembre 2019.

Nunha primeira observación podemos apreciar que continúa a tendencia de anos anteriores dunha gran rotación da poboación asalariada con contratos temporais. Por provincias, A Coruña é a provincia na que máis medra a contratación, seguida de Lugo, e baixa en Pontevedra. Nas catro provincias increméntase a contratación temporal baixando a indefinida.


Cadro 7.2

Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2019-2018


Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018
Duración temporal:										
Obra	153.601	152.482	29.472	28.956	28.564	28.153	123.358	132.731	334.995	342.322
Eventual	209.704	196.691	61.752	57.349	35.892	34.564	242.630	236.934	549.978	525.538
Interinidade	41.673	42.730	11.384	12.234	9.535	8.744	30.352	28.870	92.944	92.578
Temporal persoas discapacidade	550	596	185	162	152	138	836	736	1.723	1.632
Relevo	138	422	37	131	28	81	123	412	326	1.046
Xubilación parcial	288	999	90	287	53	151	311	814	742	2.251
Substitución	3	5	5	0	1	1	22	13	31	19
Prácticas	2.184	2.745	478	601	393	496	2.001	2.439	5.056	6.281
Formación	820	1.248	397	628	458	614	799	1.120	2.474	3.610
Outros	4.077	4.527	883	1.008	463	607	1.974	2.110	7.397	8.252
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	21.402	24.820	5.783	6.395	4.028	4.698	15.431	18.844	46.644	54.757
Indefinido fomento de emprego		0		0		0		0	0	0
Persoas con discapacidade	266	296	96	109	55	71	208	263	625	739
Total contratos	434.706	427.561	110.562	107.860	79.622	78.318	418.045	425.286	1.043.046	1.039.025

Fuente: SEPE, Estadística de contratos registrados. Diciembre 2019.

Distribución do total de contratos en Galicia. 2018



Evolución do total de contratos en Galicia



Se tomamos o sector económico como punto de comparación observamos, como é de esperar, que é o sector servizos o que concentra a maior parte das contratacións e o único no que se produce incremento, seguido a moita distancia pola industria, a


construción, e no último lugar de volume de contratos rexistrados encontramos á agricultura e pesca.

Cadro 7.3

Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia. 2019

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	4.391	5.114	4.408	32.731	46.644
Indefinido persoas con discapacidade	20	72	56	477	625
Obra ou servizo	19.544	56.656	24.510	234.285	334.995
Eventual circunstancias produción	7.989	74.390	11.385	456.214	549.978
Interinidade	768	8.660	442	83.074	92.944
Temporal persoas con discapacidade	41	212	79	1.391	1.723
Relevo	1	89	11	225	326
Xubilación parcial	8	378	37	319	742
Substitución xubilación 64 anos	0	0	1	30	31
Prácticas	27	844	320	3.865	5.056
Formación	4	81	51	2.338	2.474
Outros contratos	5	20	13	7.359	7.397
Galicia	32.798	146.516	41.313	822.308	1.042.935

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Por actividade económica, a hostalaría e a industria manufactureira son as dúas actividades nas que máis contratación se produce, o que se corresponde co dato de que por grupo principal de ocupación, o maior volume de contratación dáse no grupo de persoas traballadoras dos servizos de restauración e comercio.

Capítulo 7. Contratación

Cadro 7.4

Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. 2019

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	10.323	6.677	3.401	12.397	32.798
B. Industrias extractivas	115	144	202	139	600
C. Industria manufacturera	46.796	11.351	11.541	70.766	140.454
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	192	13	9	85	299
E. Fornecemento de auga, actividades saneamento, xestión residuos e descontamin.	3.217	294	250	1.402	5.163
F. Construción	19.246	3.260	3.176	15.531	41.213
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	54.499	10.919	9.260	37.855	112.533
H. Transporte e almacenamento	34.860	6.548	4.520	59.678	105.606
I. Hostalaría	96.326	35.025	19.673	97.891	248.915
J. Información e comunicacións	13.515	704	617	6.181	21.017
K. Actividades financeiras e seguros	1.861	706	523	1.606	4.696
L. Actividades inmobiliarias	409	66	53	417	945
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	14.781	1.594	1.332	11.566	29.273
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	40.662	6.429	5.844	27.935	80.870
O. Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	7.586	4.433	3.646	7.774	23.439
P. Educación	14.289	2.792	3.092	14.835	35.008
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	23.768	6.773	5.534	15.485	51.560
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	38.652	10.363	3.822	26.526	79.363
S. Outros servizos	9.181	1.438	1.587	6.905	19.111
T. Act. fogares como empregadores persoal doméstico, e como produtores bens e servizos uso propio	4.423	938	1.486	3.069	9.916
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	63	0	57	47	167
Total	434.764	110.467	79.625	418.090	1.042.946

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Cadro 7.5

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. 2019

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos/as e xerentes	673	147	136	561	1.517
B. Técnicos/as e profesionais da saúde e o ensino	13.093	2.903	2.849	14.520	33.365
C. Outros/as técnicos/as, científicos/as e intelectuais	32.392	5.296	2.461	22.191	62.340
D. Técnicos/as profesionais de apoio	35.790	6.825	4.899	26.118	73.632
E. Empregados/as oficina non públicos	12.245	2.503	2.648	9.256	26.652
F. Empregados/as oficina públicos	11.880	2.230	1.761	13.326	29.197
G. Traballadores/as dos servizos de restauración e comercio	109.942	39.131	22.495	99.717	271.285
H. Traballadores/as dos servizos de saúde	29.311	7.576	6.230	21.934	65.051
I. Traballadores/as dos servizos de protección e seguridade	4.703	1.476	1.061	3.640	10.880
J. Traballadores/as cualificados/as na agricultura e gandería	3.749	2.593	635	4.504	11.481
K. Traballadores/as cualificados/as na construción	11.350	1.942	1.926	10.410	25.628
L. Traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureras	29.057	4.206	2.858	25.645	61.766
M. Operadores/as de instalacións industriais de maquinaria	11.045	1.186	4.109	14.513	30.853
N. Condutores/as e operadores/as de maquinaria móbil	16.170	6.188	4.207	22.635	49.200
O. Traballadores/as non cualificados/as en servizos, agás transportes	54.165	12.044	10.409	42.517	119.135
P. Peóns de agricultura, pesca, construción, industria manufacturera	59.191	14.319	10.938	86.598	171.046
Q. Forzas armadas	8	2	3	5	18
Total	434.764	110.567	79.625	418.090	1.043.046

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

7.2. Modalidades contractuais

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1. Contrato eventual por circunstancias da produción

Contrato de duración temporal, en xornada completa ou parcial.

O obxecto deste contrato é atender as esixencias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa (art. 15.1.b de ET, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

Rexistráronse en Galicia 549.978 contratos eventuais en 2019 fronte aos 525.538 en 2018.

Esta modalidade contractual segue sendo a máis utilizada representando o 47,72% a nivel estatal en 2019 e o 52,73% dos contratos iniciais dos subscritos en Galicia. Confírmase a tendencia á alza deste contrato nos últimos anos.

Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son máis contratados no grupo 30 a 39 anos (78.216 en 2019) seguido do tramo dos >45 (63.647), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 70.001 no grupo de 30 a 39 anos e 64.559 para as >45 anos.


Cadro 7.6

Contratos eventuais por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincia. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	20.008	18.279	27.696	12.016	22.364	24.097	19.245	27.078	13.638	25.283	209.704
Lugo	6.498	5.126	8.578	4.105	6.992	5.933	5.374	8.581	3.677	6.888	61.752
Ourense	3.376	2.787	5.499	2.468	3.907	3.198	3.238	5.074	2.213	4.132	35.892
Pontevedra	25.114	20.353	36.443	16.685	30.384	20.927	18.372	29.268	16.828	28.256	242.630
Galicia	54.996	46.545	78.216	35.274	63.647	54.155	46.229	70.001	36.356	64.559	549.978

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Distribución por grupos de idade en ambos os sexos




Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, con 377.956 contratos no 2019, os máis concertados, seguidos dos de 1 a 3 meses con 99.765, os de 3 a 6 meses, e por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con 12.711 en 2019. Estas cifras reflicten un aumento de maior entidade nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a gran rotación laboral que se produce na comunidade galega cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais.

Cadro 7.7

Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2019

	Duración				Total
	<= 1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 meses	
A Coruña	142.122	38.691	24.099	4.792	209.704
Lugo	41.660	11.255	7.306	1.531	61.752
Ourense	20.649	8.258	5.912	1.073	35.892
Pontevedra	173.525	41.561	22.229	5.315	242.630
Galicia	377.956	99.765	59.546	12.711	549.978

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.





A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra 317.676 para a xornada completa e 232.302 para a xornada a tempo parcial. Se temos en conta a variable sexo, un 32,51% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 52,23% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada, sendo o sétimo ano consecutivo no que é maior o número de contratos parciais realizados a mulleres que os concertados con homes. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi de 67,49% e dun 47,77% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina, aínda que neste ano diminúe nos dous grupos.

Cadro 7.8

Contratos eventuais por circunstancias da produción. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. Decembro 2019

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	100.363	43.436	56.927	109.341	65.442	43.899	209.704	108.878	100.826
Lugo	31.299	8.975	22.324	30.453	14.714	15.739	61.752	23.689	38.063
Ourense	18.037	5.406	12.631	17.855	9.208	8.647	35.892	14.614	21.278
Pontevedra	128.979	32.768	96.211	113.651	52.353	61.298	242.630	85.121	157.509
Galicia	278.678	90.585	188.093	271.300	141.717	129.583	549.978	232.302	317.676

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



7.2.2. Contrato de obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, en xornada completa ou parcial, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitual, e cuxa duración, aínda que limitada no tempo, é incerta (art. 15.1 a ET, 2.1 RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

No ano 2019 rexistráronse en Galicia 334.995 contratos por obra ou servizo fronte aos 342.322 en 2018 e fronte aos 549.978 contratos eventuais por circunstancias da produción, que continúan en primeiro lugar igual que en anos anteriores.

Tendo en conta a variable sexo, no caso dos homes concertáronse un 60,11% e no das mulleres 49,89%. A maior porcentaxe relativa de contratación realízase no grupo de idade de 30 a 39 anos cun 28,03% e en >45 anos 27,50%.

Capítulo 7. Contratación


Cadro 7.9

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	13.735	13.308	26.817	13.499	24.836	10.176	9.673	16.772	8.649	15.596	153.061
Lugo	3.359	2.423	4.332	2.118	4.369	2.493	2.205	3.676	1.454	3.043	29.472
Ourense	2.901	2.331	4.391	2.030	4.457	1.920	1.823	3.389	1.529	3.793	28.564
Pontevedra	10.527	10.657	21.055	10.987	22.925	6.990	7.174	13.324	6.761	12.958	123.358
Galicia	30.522	28.719	56.595	28.634	56.587	21.579	20.875	37.161	18.393	35.390	334.995

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Distribución por grupos de idade en ambos os sexos



Se temos en conta a duración do contrato, son os de duración incerta ou indeterminada os que representan unha maior porcentaxe, cun 73,09% en 2018 e un 77,04% en 2019, o que parece lóxico dada a non obrigatoriedade e o carácter orientativo da data de fin de contrato. Os seguintes en importancia con 51.417 contratos concertáronse por unha duración igual ou inferior a 7 días, o que reflicte unha rotación dunha gran importancia.

Cadro 7.10

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia. 2019

	Duración en meses									Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	
A Coruña	25.622	1.176	1.177	2.746	2.118	2.062	72	53	212	118.363
Lugo	6.303	301	315	977	528	867	11	10	44	20.116
Ourense	4.179	304	296	1.090	514	1.060	27	25	44	21.025
Pontevedra	15.313	1.044	1.516	2.816	1.579	2.004	55	75	378	98.578
Galicia	51.417	2.825	3.304	7.629	4.739	5.993	165	163	678	258.082

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Nesta modalidade contractual dáse unha maior porcentaxe de xornada a tempo completo, co 68,28%, fronte a un 31,72% de contratos a tempo parcial no ano 2019. Se a esta variable lle unimos a variable sexo, apréciase no caso dos homes un 78,26% para a xornada completa e un 21,74% para a parcial. Nas contratacións a mulleres séguese a tendencia xeral dunha maior contratación parcial neste colectivo con respecto aos homes supoñendo un 53,29% de xornada completa e un 46,71% de parcial, o que supón un incremento en 2019 con respecto ao ano anterior de 0,32 puntos.

Cadro 7.11

**Contratos por obra ou servizo determinado.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2019**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	92.195	20.911	71.284	61.406	27.841	33.565	153.601	48.752	104.849
Lugo	16.601	4.160	12.441	12.871	6.774	6.097	29.472	10.934	18.538
Ourense	16.110	5.016	11.094	12.454	6.747	5.707	28.564	11.763	16.801
Pontevedra	76.151	13.615	62.536	47.207	21.193	26.014	123.358	34.808	88.550
Galicia	201.057	43.702	157.355	133.938	62.555	71.383	334.995	106.257	228.738

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



7.2.3 Contrato de interinidade

Este contrato ten por obxecto substituír unha persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, en xornada completa e parcial, ou cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva, así como substituír a unha persoa en formación por unha beneficiaria de prestación por desemprego (art. 15.1 c ET, art.4.1 de RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

En 2019 rexistráronse en Galicia 92.944 contratos de interinidade fronte aos 92.578 de 2018.

Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina segue a ser superior en 2019.


Cadro 7.12

Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincia. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.473	2.203	3.593	1.568	3.004	2.795	4.135	7.255	4.551	1.196	41.673
Lugo	274	532	874	361	706	785	1.140	2.085	1.334	3.293	11.384
Ourense	290	447	778	369	7.879	541	925	1.829	1.003	2.564	9.535
Pontevedra	1.017	1.625	3.039	1.407	2.143	1.869	3.236	5.535	3.184	7.293	30.352
Galicia	3.054	4.807	8.284	3.705	13.732	5.990	9.436	16.704	10.072	14.346	92.944

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Distribución por grupos de idade en ambos os sexos



Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección, o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 59,94% dos casos en 2019 e nun 58,32% en 2018. Os contratos menores de 7 días supoñen en 2019 un 18,06% e os que duran entre 15 días e un mes, un 6,79%.

Cadro 7.13

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia. 2019

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeter- minada	
A Coruña	8.490	3.426	3.169	1.984	923	213	20	8	38	23.402	41.673
Lugo	2.422	1.238	829	454	248	74	6	5	7	6.101	11.384
Ourense	2.041	583	609	429	142	47	2	5	6	5.671	9.535
Pontevedra	3.834	1.921	1.700	1.299	758	231	29	9	33	20.538	30.352
Galicia	16.787	7.168	6.307	4.166	2.071	565	57	27	84	55.712	92.944

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 67,75% en 2019 e un 32,25% os que foron a tempo parcial, cifras moi semellantes ás de 2018. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial, 41.232, fronte ao colectivo de homes, 4.748, aínda que se produce un aumento da parcialidade nos dous grupos.

Cadro 7.14

Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Decembro 2019

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	11.841	2.256	9.585	29.832	17.795	12.037	41.673	14.293	27.380
Lugo	2.747	435	2.312	8.637	5.715	2.922	11.384	3.357	8.027
Ourense	2.673	347	2.326	6.862	5.021	1.841	9.535	2.188	7.347
Pontevedra	9.231	1.710	7.521	21.121	12.701	8.420	30.352	10.130	20.222
Galicia	26.492	4.748	21.744	66.452	41.232	25.220	92.944	29.968	62.976

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



7.2.4. Contrato para a formación e a aprendizaxe

Ten por obxecto a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída na empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo (art.11.2 ET, Lei 3/2012 e RD 1529/2012).

Os requisitos das persoas susceptibles de ser contratadas nesta modalidade son:

- Ser maior de 16 anos e non ter cumprido os 25 (poderán celebrarse con menores de trinta anos ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15%). O límite de idade non será de aplicación cando se trate de persoas con discapacidade e nos supostos de contratos celebrados con alumnas e alumnos participantes en proxectos de emprego e formación, nin cando se concerte con colectivos en situación de exclusión social.

- Non ter a titulación requirida para o contrato en prácticas nese posto ou oficio (art.11.2 a E.T e art. 6 RD 488/1998)

O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2019 foi de 2.474 (3.610 en 2018).

Segundo a actividade económica foi utilizado maioritariamente no sector servizos con 3.021 e 2.338 contratos rexistrados en 2018 e 2019, respectivamente.

Capítulo 7. Contratación

Se estudamos a variable sexo, apreciamos que en 2019 un 47,08% destes contratos se concertan con homes e un 52,92% con mulleres, recuperando unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de mulleres que cambiara en 2018.


Cadro 7.15

Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	213	46	26	15	69	244	51	38	35	83	820
Lugo	91	27	24	9	61	99	17	18	10	41	397
Ourense	103	24	25	16	64	96	14	27	15	74	458
Pontevedra	234	37	33	9	39	237	45	63	28	74	799
Galicia	641	134	108	49	233	676	127	146	88	272	2.474

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Distribución por grupos de idade en ambos os sexos



Un 95,56% en 2018 e un 95,71% en 2019 concértanse por un tempo igual ou inferior a 12 meses.


Cadro 7.16

Contratos de formación por duración e provincias. Galicia. 2019

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	175	604	24	0	17	820
Lugo	38	359	0	0	0	397
Ourense	54	391	12	0	1	458
Pontevedra	154	593	10	0	42	799
Galicia	421	1.947	46	0	60	2.474

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Tempo de duración dos contratos



7.2.5. Contrato en prácticas

Este contrato ten como finalidade a obtención de práctica profesional, a xornada completa ou parcial, axeitada ao nivel de estudos das persoas con titulación universitaria ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes que habiliten par o exercicio profesional (art.11 ET e 1.1 RD 488/1998, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

Este tipo de contrato alcanzou en 2019 os 5.056 concertos e en 2018 6.281 (1.255 menos que o ano anterior).

Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 51,99% de homes e cun 48,01% de mulleres en 2019 e cun 52,71% de homes e cun 47,29% de mulleres en 2018. É un dos poucos contratos, xunto a formación e interinidade, onde o número de concertos é moi parecido en mulleres e en homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da maior presenza feminina.


Por grupos de idade, realizáronse maior numero de contratacións ao colectivo de menores de 25 anos con 2.340 contratos, seguido do colectivo ente 25 e 29 anos con 1.807 contratos.

Cadro 7.17

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	543	387	149	15	15	475	390	139	32	39	2.184
Lugo	121	83	28	3	3	98	100	30	7	5	478
Ourense	106	77	20	3	1	78	79	18	6	5	393
Pontevedra	515	365	161	18	16	404	326	153	26	17	2.001
Galicia	1.285	912	358	39	35	1.055	895	340	71	66	5.056

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Segundo a duración do contrato, os de duración igual ou inferior a 6 meses son maioría cun 62,6% en 2018 e un 66,47% en 2019. Aqueles que alcanzaron a duración máxima de 24 meses seguen, ao igual que en anos anteriores, supoñendo unha porcentaxe moi pequena, o 2,44% en 2018 e un 0,34% en 2019% e con tendencia a diminuír.

Cadro 7.18

Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia. 2019

	Duración en meses				
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <24	máis de 24
A Coruña	1.442	637	9	84	12
Lugo	349	116	1	11	1
Ourense	217	171	2	2	1
Pontevedra	1.353	585	10	50	3
Galicia	3.361	1.509	22	147	17

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 79,13% celebrouse a xornada completa e o 20,87% a parcial.

Cadro 7.19

Contrato en prácticas. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2019

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	1.109	163	946	1.075	279	796	2.184	442	1.742
Lugo	238	31	207	240	57	183	478	88	390
Ourense	207	23	184	186	59	127	393	82	311
Pontevedra	1.075	190	885	926	253	673	2.001	443	1.558
Galicia	2.629	407	2.222	2.427	648	1.779	5.056	1.055	4.001

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



7.2.6. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación

Esta medida ten por finalidade a contratación de persoas inscritas como desempregadas en substitución daquelas que anticipen a súa idade ordinaria de

xubilación de 65 a 64 anos (art.1 e ss. RD 1194/1985) (Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011 e Lei 3/2012).

No 2019 en Galicia só se realizaron 31 contratos (708 en España) desta modalidade. Deles en 4 ocasións realizáronse a homes e en 27 a mulleres. No ano 2018 foron 19 contratos en Galicia, 4 a homes e 15 a mulleres e 618 en España.

Centrándonos na duración, concertáronse maioritariamente por un período de 12 meses.

Cadro 7.20

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0		0	0	2	0	1	3
Lugo	0	0	1	0	0	0	2	2	0	0	5
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
Pontevedra	1	0	1	0	1	3	4	8	1	3	22
Galicia	1	0	2	0	1	3	6	13	1	4	31

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Cadro 7.21

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos.
Por duración e provincia. Galicia. 2019

	Duración en meses				Total
	12 meses	>12 e >18 meses	>18 e >24 meses	> 24 meses	
A Coruña	3	0	0	0	3
Lugo	5	0	0	0	5
Ourense	1	0	0	0	1
Pontevedra	22	0	0	0	22
Galicia	31	0	0	0	31

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

7.2.7. Contrato de relevo e xubilación parcial

É o que se concerta cunha persoa desempregada ou que estivese contratada pola empresa cun contrato de duración determinada para substituír parcialmente unha persoa traballadora da empresa que accede á xubilación parcial (Lei 14/2000 e Lei 3/2012).

A xubilación parcial da persoa substituída é aquela que se inicia despois de cumprir os 61 anos e ata o momento da xubilación total, que se compaxina cun contrato a tempo parcial e se encontra vinculada ao contrato de relevo. Para determinar a idade de xubilación téñense en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que correspondan (Lei 12/2001 e Lei 40/2007).

No ano 2018 asináronse en Galicia 1.046 contratos de relevo e 326 en 2019.

Segundo a actividade económica foi máis utilizado no sector servizos.

Por sexo e idade, o 47,99% celebráronse con homes en 2018 e o 47,54% en 2019 e entre eles o colectivo de 30 a 39 anos foi o máis empregado seguido do grupo de máis de 45. No grupo de mulleres concertáronse o 52,41% dos contratos de relevo, e o tramo de >45 é o que ten maior representación con 68 contratos en 2019.

Segundo a duración, en 2019 o 52,45% fórono por un período superior a 24 meses, e segundo a xornada o 60,43% foi a total e o 59,57% a tempo parcial, experimentando esta última un lixeiro incremento respecto de 2018.



Seguindo a tendencia doutros contratos, a parcialidade foi maior nas mulleres, representando un 50,29%, mentres que nos homes supuxo un 27,74%.

Cadro 7.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	3	5	19	14	18	4	12	17	11	35	138
Lugo	2	3	6	1	1	1	1	5	6	11	37
Ourense	0	3	3	0	4	0	1	4	6	7	28
Pontevedra	5	10	28	13	17	2	9	18	6	15	123
Galicia	10	21	56	28	40	7	23	44	29	68	326

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Cadro 7.23

Contratos de relevo. Por duración e provincia. Galicia. 2019

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 días	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	0	0	0	5	4	29	15	13	72	0	138
Lugo	0	1	0	1	1	4	3	8	19	0	37
Ourense	0	0	0	0	0	5	0	3	20	0	28
Pontevedra	1	0	0	3	5	24	13	17	60	0	123
Galicia	1	1	0	9	10	62	31	41	171	0	326

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Cadro 7.24

Contratos de relevo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. 2019.

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	59	22	37	79	38	41	138	60	78
Lugo	13	1	12	24	15	9	37	16	21
Ourense	10	5	5	18	11	7	28	16	12
Pontevedra	73	15	58	50	22	28	123	37	86
Galicia	155	43	112	171	86	85	326	129	197

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Contratos de xubilación parcial concertáronse 2.251 en Galicia en 2018 e 742 en 2019. Do total, un 69,40% concertouse con homes e só un 30,60% con mulleres en 2019 e un 65,12% e un 34,88% en 2018. Esta diferenza esta explicada co atraso da muller no acceso ao mercado laboral e polo tanto tamén en acceder ás pensións de xubilación, diferenzas que xa comezaron a diminuír. Tanto nun grupo coma noutro, os dous anos o 100% concertouse con maiores de 45 anos.

Ao igual que no contrato anterior, un 87,20% celebrouse por un tempo superior a 24 meses.

Cadro 7.25

Contratos por xubilación parcial. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	207	0	0	0	0	81	288
Lugo	0	0	0	0	78	0	0	0	0	12	90
Ourense	0	0	0	0	42	0	0	0	0	11	53
Pontevedra	0	0	0	0	188	0	0	0	0	123	311
Galicia	0	0	0	0	515	0	0	0	0	227	742

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Cadro 7.26

Contratos por xubilación parcial. Por duración e provincia. Galicia. 2019

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12	>12 a <= 18	>18 a <= 24	>24 meses	Indeter-minada	
A Coruña	5	0	0	1	2	13	14	8	203	42	288
Lugo	1	0	0	0	1	3	1	3	70	11	90
Ourense	0	0	1	2	0	2	2	3	38	5	53
Pontevedra	3	0	0	1	2	7	5	15	236	42	311
Galicia	9	0	1	4	5	25	22	29	547	100	742

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente

Neste grupo inclúense contratos de modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación tales como: artistas, servizo domestico, mercantís, contrato de traballo a domicilio, de grupo.

Estas contratacións son pouco representativas, supoñen 7.397 contratos en 2019, e son os de duración igual ou inferior a 7 días (81,34%) os máis celebrados. Duplican os contratos celebrados con homes aos celebrados con mulleres e o 26,34% son do colectivo de 30 a 39 anos.

Cadro 7.27

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	355	308	692	362	1.100	270	269	437	99	185	4.077
Lugo	44	54	122	92	241	31	61	90	32	116	883
Ourense	42	40	47	30	113	20	63	78	11	19	463
Pontevedra	122	182	354	248	526	38	193	128	60	123	1.974
Galicia	563	584	1.215	732	1.980	359	586	733	202	443	7.397

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Cadro 7.28

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por duración e provincia. Galicia. 2019

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	3.476	19	5	14	50	60	0	9	4	440	4.077
Lugo	757	0	1	0	1	12	0	0	1	111	883
Ourense	412	0	0	1	1	3	1	0	0	45	463
Pontevedra	1.372	5	6	23	72	269	2	5	71	149	1.974
Galicia	6.017	24	12	38	124	344	3	14	76	745	7.397

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Cadro 7.29

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. 2019

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	2.817	194	2.623	1.260	131	1.129	4.077	325	3.752
Lugo	553	39	514	330	23	307	883	62	821
Ourense	272	41	231	191	31	160	463	72	391
Pontevedra	1.432	161	1.271	542	78	464	1.974	239	1.735
Galicia	5.074	435	4.639	2.323	263	2.060	7.397	698	6.699

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.

Mención á parte daremos aos contratos temporais de persoas con discapacidade, que son aqueles cunha duración entre 12 meses e 3 anos, con xornada completa ou parcial, para persoas discapacitadas.

Estes contratos supuxeron tan só 1.713 contratos, deles o 62,75% en 2019 celebráronse con homes, deixando novamente ver a menor integración da muller no mercado laboral, mesmo cando existe algunha discapacidade.

O tramo de idade no que máis contratos se asinaron foi o de >45 e tanto no grupo homes (482), como no de mulleres (272).


Tomando en conta a duración, foron os de 12 meses os que representaron o 97,97% en 2018 e o 98,37% en 2019 das celebracións e a xornada completa o 68,70% en 2019.

Cadro 7.30

Contratos temporais de persoas con discapacidade. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2019

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	11	21	73	68	166	5	20	59	35	92	550
Lugo	5	6	27	24	52	5	9	15	16	26	185
Ourense	7	6	24	17	44	5	7	16	8	18	152
Pontevedra	18	47	146	93	220	21	23	71	51	136	826
Galicia	41	80	270	202	482	36	59	161	110	272	1.713

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.




Cadro 7.31

Contratos temporais de persoas con discapacidade.
Por duración e provincias. Galicia. 2019

	Duración en meses				Total
	= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	538	10	0	2	550
Lugo	180	5	0	0	185
Ourense	149	2	0	1	152
Pontevedra	828	4	2	2	836
Galicia	1.695	21	2	5	1.723

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2019.



Cadro 7.32

**Contratos temporais de persoas con discapacidade.
Segundo sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2019**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	339	94	245	211	135	76	550	229	321
Lugo	114	43	71	71	46	25	185	89	96
Ourense	98	18	80	54	27	27	152	45	107
Pontevedra	418	116	418	302	140	162	720	256	580
Galicia	969	271	814	638	348	290	1.607	619	1.104

Fonte: SEPE, Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2019.

7.2.9. Contratos indefinidos ordinarios (bonificados e non bonificados)

O contrato indefinido é aquel que se concerta sen establecer límites de tempo na prestación dos servizos, en canto á duración do contrato.

A súa formalización pode ser verbal ou escrita, salvo os acollidos ao programa de fomento da contratación indefinida, persoas con discapacidade, a tempo parcial etc. En todo caso, calquera das partes pode pedir que se formalice por escrito, mesmo durante o transcurso da relación laboral.

En 2018 concertáronse en Galicia 54.757 contratos desta modalidade, baixando ata 46.644 en 2019.

Esta contratación concertouse no sector masculino nun 54,57% do total, fronte a un 55,22% en 2018. En ambos os dous grupos é o intervalo de idade de 30-39 anos, onde máis contratos indefinidos se asinan con 7.683 concertos en homes. Nas mulleres o maior número dáse no grupo de >45 con 7.032

